

GUÍA DOCENTE DE **CRÍTICA MUSICAL I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: CRÍTICA MUSICAL I-II										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía					ITINERARIO			Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria					TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO			Musicoloxía	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.
ECTS/CUAD.							3		Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento e práctica dos elementos básicos da noticia como fonte de información (titular, entrada, corpo, epígrafe, etc.). Técnicas para a narrativa do corpo arredor das seis preguntas. Redacción de pezas en estilo xornalístico, utilizando as ferramentas propias da crítica textual e aplicadas ás diversas manifestacións musicais (concertos, programación, acústica arquitectural, etc.).
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T4, T5, T8, T11, T14, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X10, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X21, X23, X25, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM5, EM6, EM7, EM8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Captar, a través do análise e da audición, as características das interpretacións históricas e modernas. Establecer comparacións a través das diferentes escolas de interpretación internacionais.	T 2, T4, T12, X 10, X16, EM 5, EM8
2. Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, o pensamento e a literatura, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis destacados de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.	T 2, T4, X 5, X16, EM 5, EM8
3. Desenvolver certo grao de autonomía persoal á hora de empregar as ferramentas de investigación propias da musicoloxía, aplicándoas de xeito autónomo a crítica da música empregando un vocabulario axeitado e respectando as opinións alleas.	T2, T12, X5, X10, X12, X16, EM 3, EM5, EM7

4. CONTIDOS
1. Introducción á crítica musical: definición e función. O crítico musical: formación, metodoloxía e deontoloxía. Os obxectivos da crítica. As fronteiras da crítica.
2. Pasado e presente de crítica musical española. Da contorna “clásica” ás músicas populares urbanas. Principais publicacións en España. Crónica musical.



3. A divulgación musical: concepto, desenvolvemento e ámbitos. Institucións culturais e divulgación musical. Notas ao programa. Notas para producións discográficas. Exposicións. Entrevistas. Blogs.
4. A crítica discográfica. A crítica en soporte audiovisual. O fenómeno das retransmisións de concertos e operas a través das salas de cine e emisións dixitales
5. Radio e televisión. O musicólogo ante os medios de comunicación de masas.
6. Novas tecnoloxías. As redes sociais.

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases	Presencial	Todo o cuadrimestre
Avaliación	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Realización de tarefas	Non Presencial	Esporadicamente
Traballo persoal	Non Presencial	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestre da disciplina*